

## NOTA DE PRENSA

# O Padroado da Casa da Troia e o Concello de Santiago firman un convenio de colaboración por un importe de 3.600 euros

O rexedor santiagués, Agustín Hernández, e o presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns, Benigno Amor, subscribiron o acordo que lle permitirá ao museo continuar coa súa actividade cultural

---

*Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2014 (Vía Láctea Comunicación).*- O presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns, **Benigno Amor**, recibiu esta mañá no Museo Casa da Troia ao alcalde de Santiago, **Agustín Hernández**. O motivo da visita foi a firma dun convenio de colaboración anual entre a administración municipal e o Padroado troiano por un importe de 3.600 euros.

Este encontro serviu para amosarlle ao rexedor compostelán o estado de conservación do inmobile e comentar as actividades que terán lugar en 2015, un ano moi especial para o museo porque se celebrará o centenario da publicación da novela de Pérez Lugín, *La Casa de la Troya*. O acordo entre as dúas entidades permitirá seguir mantendo as actividades culturais programadas no seo desta antiga residencia de estudantes, entre as que destaca a celebración, un ano máis, do concerto da Cuarentena Cidade de México na Igrexa da Universidade.

Para **Benigno Amor**, presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns, –entidade que xestiona o Museo Casa da Troia– esta firma “supón, que malia a crise, o Concello de Santiago segue a responder e a considerar este museo, un dos máis valorados da cidade” e que figura no posto número 11 das vinte e sete principais atraccións de Santiago, segundo a web de turismo Tripadvisor.

**Amor** agradeceu tamén o interese do alcalde por achegarse a coñecer o emblemático edificio e aproveitou para sinalar que dende o museo están abertos a todo tipo de colaboracións: “é salientable a boa sintonía que mantemos, por exemplo, coa Asociación Cultural de San Martiño Pinario e estamos dispostos a facer o mesmo con outras entidades”.

Pola súa parte, **Agustín Hernández** indicou que a Casa da Troia “axuda a manter a lembranza dunha época e dunhas vivencias entrañables da Compostela universitaria dos séculos XIX e XX”, ademais de ser “un punto de atracción turístico importante”. O pasado 30 de setembro o museo despediu a temporada estival organizando unha xornada de portas abertas e celebrando que un total de 1.280 persoas visitaron o edificio durante os meses de verán.

*NOTA.- Xuntamos foto do encontro entre Agustín Hernández e Benigno Amor.*